



CANTIGAS DE 2º ESO

Cantiga de amigo

¿Onde estás, meu amigo?
 Onde quereiras estar?
 Eu ireite buscar

Se queres verme,
 aínda que non te vexo,
 se queres oírme,
 aínda que non te oio.
 Eu ireite buscar

Se apareces, ven, amigo,
 eu heite levar comigo
 meu amigo, meu amigo
 heite levar comigo.

CRISTINA VÁZQUEZ ESPÍÑO, S2A



Non sei se virá!

Marchou cara ao mar
 sen nada me deixar.
 Non sei se virá!

O meu amor levou
 e aínda así non voltou.
 Non sei se virá!

Do mar adentro, quero que volva
 e non quero que vaia de volta.
 Non sei se virá!

ANDREA VÁZQUEZ VARELA, S2C

Cantiga de amigo

Dime ti, bosque sen perigo,
 viches o meu amigo?
 Oxalá pronto estea comigo.

Dime ti, mar calmado,
 viches o meu amado?
 Oxalá non estea abandonado.

Dime ti, preciosa flor,
 viches o meu amor?
 Oxalá veña pronto se lle pido a Deus por favor.

Dime ti, paxaro voador,
 viches o que me dá calor?
 Oxalá mo siga dando e se me pase o tremor.

Dime ti, prado con verdor,
 viches o dono do meu corazón?
 Oxalá non chegue tarde porque teño temor.


Dime ti, monte erguido,
 viches ao meu querido?
 Oxalá coidado teña tido.

Dime ti, montaña alta,
 viches o que comigo debería estar?
 Oxalá pronto veña á casa.

Cantiga de amor

Triste estou, mia señor!
 por favor, Deus, volvédema!
 o seu sorriso necesito,
 por favor, Deus, volvédema!

XISELA FUCIÑOS VÁZQUEZ, S2B





CANTIGAS DE 2º ESO

A dona que me gusta e teño por señor
quero vela, meu Deus, faime unha tremenda ilusión.
non ma quites do meu lado, meu Deus,
se ma quitas, eu hei querer morrer.

Ten uns beizos encarnados como o corazón que me latexa,
os seus ollos moi claros coma a luz do día acesa.
E un amor verdadeiro das caricias do sol,
naceu unha mañá cedo de inverno na col.
Que non desapareza, meu Deus;
Se desaparece, eu hei querer morrer.

Meu Deus, a dona que ti querías que nacera, naceu;
así que unha vez máis, permítelle que me queira.
Que non me deixe, meu Deus;
se me deixa, eu hei querer morrer.

LAURA RÍO CARRERIA (S2A)



Na festa do Nadal

Na festa do Nadal
O maldito xogar,
moi mal nolo fixo pasar.
Contratado estaba para vir cantar,
e o moi condenado
só veu para berrar.

Acabara a canción,
acabara de tocar,
pero todas con xenio,
un tortazo lle fomos arrear

O maldito xogar pediu perdón,
e como desculpa, tocou outra canción.
Cantou a historia do seu tío Gaspar,
pero o moi pelicano, mal volveu cantar,
e como castigo unha zocada volveu levar.

NOELIA RODRÍGUEZ LÓPEZ
YOLANDA PENAS VARELA, S2D



Cantiga satírica

Vai o infanzón cabalgando,
mirando frío o horizonte,
cando cae do cabalo
e a cabeza case rompe.

- Que ben montas! Ri a plebea

O infanzón mira asombrado
Quen se atrevería a rir
dun señor tan aclamado,
O máis importante de alí.

A plebea responde,
tirando pedras ao cabalo,
e o infanzón a pé,
detrás da besta vai berrando.

CARLOTA CASAL VÁZQUEZ (S2B)



CANTIGAS DE 2º ESO

Vou paso a paso

Vou paso a paso,
camiño sen rumbo,
vou sen descanso
sen saber a onde ir.

Teño un amor
que me causa paixón,
dáme dor,
que sinto no meu corazón.

O amor camiña
por unha rosa
que ten unha espiña
e que a sente amorosa.

Vou por un camiño
que é moi fermoso,
moi paseniño,
con un raposo.

Non quero voar,
non quero soñar,
non quero descansar,
nin quero voar.

Quero chorar
e quero rir,
tamén quero bailar
e de risa me partir.

LAURA RÍO CARREIRA, S2A



Galicia

Navegando polos mares,
en sete barcos pequenos,
voume movendo pouco a pouco
contigo nun veleiro.

Galicia, miña terra,
sempre en ti estarei,
no ceo ou na terra
sempre en ti vivirei.

A Galicia hai que lle cantar
un la, un mi, un do,
nunha gaita onde ela estea.

Por Galicia, en cada monte,
seis ducias de cans ladran,
cantándolle de noite
un doce cantar de amor.

Galicia verde resalta de cores,
na primavera toda alegre,
no verán calorosa
e no inverno chuviosa.

Cantámosche dende onde estamos
unha canción tan lonxana e bonita
coma o sol do ceo en ti.

Unha terra chea de morriña,
unha vela acendida,
cando marche para o ceo
unha estrela nova e chea de vida.

LAURA RÍO CARREIRA, S2A





CANTIGAS DE 2º ESO

A miña terra

Quen nos chama miña "Terra Galega"?

As vacas dos teus prados verdes,
a area das túas praias,
os barcos das túas rías,
o marisco das túas augas.
Quen nos chama miña "Terra Galega"?

A voz da túa xente,
a pedra da muralla de Lugo,
o sol da rúa de Pontevedra,
o faro da Coruña,
a fe do apóstolo Santiago.
Quen nos chama miña "Terra Galega"?

Se non son os teus encantos,
serán os mortos do campo-santo
ou a nosa lingua "galega"

KAREN QUINTELA PEÓN, S2C

Galicia sempre fermosa,
verdes as súas paisaxes,
non hai terra coma a nosa
por moito que viaxes.

Os galegos abrimos as mans
para acoller os forasteiros,
pois todos somos irmáns,
pois todos somos galegos.

Aquel que ven a Galicia
para poder disfrutar,
marcha cheo de ledicia
por máis que lle custe marchar.

Estarás aquí e aló,
estarás triste ou leda,
pero por máis lonxe que esteas
non poderás esquecerla.

GLORIA, S2B



Galicia

Galicia, a comunidade.
Santiago, a capital.
Coruña, diversidade
e o fútbol mundial.

En Vigo, Pontevedra
hai un zoo
con monos, moitos lobos, oito osos
e novos raposos, todos tolos.

Cuberta de branca neve,
é como as perlas da miña boca,
brillan como as estrelas
e son coma o frío xeo.

Ás súas mil festas vou.
Nas romarías estou,
tocando na banda
e bailando coa charanga.

Hai en cada festa
unha orquestra
aos mil cantantes
lles tiran vermellos tomates.

Con millóns de grandes montes,
con herbas verdes.
Con vellos castaños
e con moitos carballos.

PATRICIA VÁZQUEZ LOUREIRO, S2A



CANTIGAS DE 2º ESO

Se en Galicia queremos vivir
e de aquí non ter que saír,
debemos coidar a natureza,
debemos coidar os animais
e tamén intentar non ensuciar.

Se a Galicia mariñeira,
na que tan ben sabe destacar,
e no azul mar pescar.
Por que a hai que destrozarmos
botando residuos ao mar?

Galicia, para min, coma outra nai,
sempre me aprenderá
como tratar o medio,
e non só iso,
senón outras cousas máis.

Nela tamén podemos observar,
un río tan grande que non ten igual,
máis grande có Amazonas,
máis incluso có Nilo,
e ese gran río chámase Miño.

ANDREA VÁZQUEZ VARELA, S2C



A Galicia, a terra, a vida, a alma.
Por ela sinto un amor desacougado
que me enche de ledicia,
coma unha moza de verdes ollos
cristalinos e pel morena
colorada polo sol.

A miña Galicia ten unha paisaxe
tan verde coma un inmenso campo de oliveiras,
os seus ríos e praias
tan azuis coma o ceo.

Ese frío tan noso,
as súas choivas,
as súas patifeiras
que nos dan vida.

A miña Galicia, miña terra, miña vila, miña alma.

SAMUEL S. AGRA, S2A